O meu gato é un poeta

XERAIS

Título: O meu gato é un poeta
Autor: Fran Alonso
Editorial: Xerais
Colección: Sopa de Libros
Nº páxinas: 72
ISBN: 978-84-9121-052-8

O autor

Fran Alonso (Vigo, 1963) comezou a súa traxectoria como escritor ao gañar o Premio Blanco Amor de Novela en 1991 con *Tráiler* (Xerais). Desde entón publicou novelas, libros de relatos, poesía, literatura infantil, xuvenil e libros de xornalismo. A súa obra está guiada sempre por unha actitude innovadora. En 1994 publicou o libro de relatos *Cemiterio de elefantes* (Xerais, 1994) e logo viñeron a novela *Silencio* (1995-Xerais, 2014), *O brillo dos elefantes* (Xerais, 1999), *Males de cabeza* (Xerais, 2001), *Cartas de amor* (Xerais, 2006), *Ninguén* (Xerais, 2011) e *A punta de pistola* (Xerais 2012), que foi XII Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia, así como as biografías *A vida secreta de María Mariño* (Xerais, 2007), *Folerpas de Novoneyra* (Xerais, 2010) e *A voz que vén da seitura* (libro-CD, 2007). No ámbito do xornalismo, publicou os libros *Territorio ocupado* (Xerais, 1998), *Un país a medio facer* (Xerais, 2008) e *Contesta ou disparo* (e-book, 2011). A súa obra poética deuse a coñecer coa publicación, en 1992, de *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), ao que seguiron *Tortillas para os obreiros* (1996), *Cidades* (Xerais, 1997), *Subversións* (Xerais, 2001), *Balada solitaria* (2004), *O meu gato é un poeta* (libro-CD, Xerais, 2011), *Poemas birollos para ler cos ollos* (Xerais, 2016), *Terraza* (Xerais, 2017), e *Transición* (libro-CD, 2011). Tamén é autor da coñecida antoloxía *Poetízate* (Xerais, 2006), que se converteu nun best-séller, e dos álbums ilustrados *A casa da duna* (Xerais, 2002) e *A araña e mais eu* (2009). Así mesmo, é colaborador de diversos medios de comunicación, activista a favor da lectura, realizou o deseño e ilustracións dalgúns dos seus libros e leva a cabo diversos espectáculos poéticos. A súa obra está traducida a varias linguas.

Resumo argumental

Trátase dun poemario composto por 40 poemas. O protagonista é un gato poeta «que escribe porque lle peta» e que, a través dunhas páxinas de deseño e tipografías moi variadas, axuda a aprender a facer poesía, así como a importancia de encher o mundo da perspectiva peculiar que ofrece esta.

Temas e valores

A poesía como forma de estar no mundo

A ollada poética é un xeito peculiar de ver e de estar.

A poesía como experiencia profana

O libro ofrece unha visión desacralizada da poesía. Na que esta se constrúe, se deconstrúe e se arma e desarma como se se tratase das pezas dun mecano.

A linguaxe como xogo

A retorsión das palabras e a reflexión sobre a linguaxe forman parte tamén destes poemas.

O fomento da imaxinación, da creatividade sen ataduras e da autoexpresión

Os poemas son cantos á liberdade creativa, unha liberdade e espontaneidade da que se quere contaxiar aos lectores e lectoras.

Actividades

Antes da lectura

• Vendo só a portada, dirían que están ante un libro de poesía entendido do xeito máis clásico?

• Coñecían o autor? Leron algún outro libro del? Coñecen outros libros de poesía para nenos e nenas doutros autores e autoras?

Despois da lectura

• Antes de ler o libro pensaban que moitos dos poemas que nel aparecen podían considerarse poesía?

• Como se podería definir o que é poesía e o que non despois de ler un poemario de estilo e formas tan abertas?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Imaxina que che encargasen a ilustración da portada do libro. Bosquexa aquí cal sería a túa proposta alternativa de ilustración para a cuberta.



2. Escribe un verso que rime co título do libro.

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Toga (p. 11)

Zurcir (p. 12)

Arrolo (p. 14)

Caramuxo (p. 14)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Abanear (p. 21)

Pelello (p. 21)

Migraña (p. 24)

Con (p. 24)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Na páxina 51 aparece un haiku. Que é un haiku? Busca información e describe aquí en que consisten os haikus.

6. Escribe ti dous haikus.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Crea un poema cuxa forma estea relacionada co seu tema. Inspírate no poema da páxina 49.

2. Volve ler o poema da páxina 50 e escribe ti cinco versos seguindo a mesma lóxica.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Polisón (p. 45)

Baobab (p. 50)

Marmelo (p. 52)

Inflamar (p. 52)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. O poema da páxina 23 experimenta cos sons das palabras. Explica aquí en que consiste ese experimento.

Ficha d3 (despois da lectura)

1. Crea cinco animais fantásticos seguindo o modelo que se ofrece na páxina 56.

2. Na páxina 28, o autor emprega unha tipografía de aspecto robótico ou futurista para o verso que di «Poesía, unha arma cargada de futuro». Sinala outros exemplos onde se use o mesmo recurso expresivo.

3. Na páxina 55 pídese enviar unWahts app reivindicando que os políticos lean poesía. Escribe aquí que porías ti nese Whats app.

Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

XERAIS

Autor do proxecto de lectura: David Rodríguez Rodríguez